

52º MEMORIAL “GREGORIO PÉREZ RIVERA” I TROFEO “MARIANO CASTIÑEIRA VILLASECA”

29 de MAIO de 2021

O Concello de Lugo en colaboración coa Delegación da FGA en Lugo, organiza o 52º Memorial “Gregorio Pérez Rivera” e I Trofeo “Mariano Castiñeira Villaseca”, o **SÁBADO 29 de maio de 2021**, en xornada de mañá e tarde, na pista ao aire libre do *Estadio Gregorio Pérez Rivera*.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar os atletas federados con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertencen a clubs de outras Comunidades Autónomas.

Art. 2. As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as **22:00 horas do martes anterior** á celebración das probas. **Non se admitirán inscricións fora de prazo.**

Art. 3. HORARIO PROVISIONAL

HOMES	HORA	MULLERES
XORNADA DE MAÑÁ		
LANZAMENTO DE DISCO (sub 16-máster) – serie B	11:00	LANZAMENTO DE DISCO (sub 16-máster) – serie B
SALTO LONXITUDE (sub 16-máster) – serie B		
150 ml (sub 14)	11:15	
	11:30	150 ml (sub 14)
300 mv (sub 16)	11:50	SALTO LONXITUDE (sub 16-máster) – serie B
LANZAMENTO DE DISCO (sub 16-máster)	12:00	
400 mv (sub 18-máster)	12:05	
	12:20	400 mv (sub 18-máster)
	12:35	300 mv (sub 16)
1000m (sub 14)	12:50	
SALTO ALTURA (sub 16-máster)		
	13:00	LANZAMENTO DE DISCO (sub 16-máster)
	13:05	1000m (sub 14)
	13:20	100 mv (0.76m-0.84m)
100 mv (0.91m)	13:35	
110 mv (0.91-0.99-1.06)	13:45	
XORNADA DE TARDE		
LANZAMENTO DE XAVELINA (sub 16-máster)	17:00	100 ml (sub 16-máster) - Semifinal
		SALTO ALTURA (sub 16-máster)
100 ml (sub 16-máster) - Semifinal	17:20	
	17:50	1000m (sub 16)
MINUTO DE SILENCIO E HOMENAXE A MARIANO CASTIÑEIRA VILASECA		
SALTO LONXITUDE (sub 16-máster)	18:10	LANZAMENTO DE XAVELINA (sub 16-máster)
1000m (sub 16)		
	18:25	100 ml (sub 16-máster) - Final
100 ml (sub 16-máster) - Final	18:35	
	18:45	1500m (sub 18-máster) – Trofeo Mariano Castiñeira
1500m (sub 18-máster) – Trofeo Mariano Castiñeira	19:00	
	19:10	SALTO LONXITUDE (sub 16-máster)
	19:20	200 ml (sub 18-máster)
200 ml (sub 18-máster)	19:35	
5000m (sub 18-máster) – Memorial Mariano Castiñeira	19:50	

Art. 4. Participación:

Cadencia salto altura feminino: 1.20m-1.30-35-40-45-48-51-54.....

Cadencia salto altura masculino: 1.30m-1.40-50-55-60-65-68-71-74....

**Nos concursos os atletas disporán de 4 tentativas + 2 de mellora para os 8 mellores de cada proba (nas series B accederán á mellora os 6 mellores).

Cada atleta soamente poderá participar co peso dun artefacto, ou ben o da súa categoría ou ben o absoluto. Os artefactos homologaranse ata 60' antes da celebración da proba, entregaranse na carpa de Secretaría e Resultados.

Terán preferencia os atletas pertencentes a clubs da provincia de Lugo.

En caso de que as inscricións superen o número de prazas dispoñibles o criterio para facer a selección será o de mellores marcas.

Art. 5. Premiación:

Os tres primeiros clasificados de cada proba, independentemente da súa categoría, recibirán unha medalla (as series B non computan para premiación).

Os vencedores das probas do 1º Trofeo Mariano Castiñeira de 1500m e 5000m recibirán un trofeo conmemorativo. Así mesmo os 3 primeiros atletas máster destas probas (independentemente da súa categoría) recibirán unha medalla.

Será obrigatorio acudir á cerimonia de premiación para levar o premio.

Art. 6. Cada atleta entregará a Declaración Responsable no punto de control de acceso. Os dorsais serán entregados na cámara de chamadas.

Art. 7. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación.

Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art. 8. A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu clube. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente na competición a sanción será de 5€, salvo causa xustificada que deberá ser comunicada no email: delegacionfgalugo@gmail.com cunha antelación mínima de 24h antes do comezo da competición. No caso de lesión ou enfermidade deberá acreditarse o xustificante facultativo.

- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6€ por atleta con datos falsos)

Art. 9. **O acceso á instalación será restrinxido e controlado.** Poderá acceder un adestrador por cada 10 atletas inscritos de cada clube, deberán enviar un **email** a delegacionfgalugo@gmail.com ata o mércores ás 22h. No caso que algún clube non envíe ningún adestrador valorarase a posibilidade de permitir o acceso dun delegado por clube.

Art. 10. Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art. 11. Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

En Lugo, a 9 de maio de 2021

Asdo no orixinal

José Manuel Peña Rodríguez
Director Técnico da Delegación da FGA en Lugo

ORGANIZAN: